

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA DAR COBERTURA AS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN PREVISTAS NO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN "Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis" (DIAMONDS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) asinaron o 01.12.2025 o convenio arriba referido. O convenio terá unha vixencia de catro 4 anos computados a partir da data de sinatura, segundo se recolle no artigo 49 da Lei 40/ 2015, quedando a súa duración e eficacia vinculada ao cumprimento das actuacións do proxecto DIAMONDS.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, ACIS e FIDIS para a execución das actuacións previstas no proxecto DIAMONDS, garantindo de maneira expresa a continuidade do persoal investigador asistencial (especialistas en Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago) e a cobertura das intensificacións necesarias para manter os niveis asistenciais adecuados no centro de referencia.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, configúrao como un organismo autónomo de natureza administrativa para o desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde integran como un dos eixos estratéxicos da súa actividade institucional a promoción da investigación e da innovación biosanitaria.

Neste marco, a Axenda Estratéxica da I+D+i en Saúde de Galicia e a Estratexia Sergas 2030 establecen como prioridade impulsar a xestión do coñecemento e da investigación sanitaria, fomentando a captación de financiamento competitivo, a participación en proxectos internacionais e o liderado científico en redes colaborativas.

Así mesmo, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, recolle como principios reitores do Sistema Público de Saúde a promoción da investigación básica, clínica e traslacional, e establece

como función do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e da investigación nos seus centros sanitarios. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), como axencia pública instrumental da Consellería de Sanidade, ten como misión consolidar estruturas e mecanismos que impulsen a investigación e a transferencia de coñecemento no eido da saúde. No exercicio das súas funcións, ACIS impulsa a colaboración entre entidades do ecosistema de I+D+i, facilitando o aproveitamento eficiente dos recursos e a excelencia científica.

A Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), pola súa banda, constitúe unha entidade sen ánimo de lucro adscrita á Consellería de Sanidade, cuxo obxecto fundacional é promover a investigación, a innovación e a docencia no ámbito sanitario. Entre as súas funcións destaca a xestión de proxectos de investigación e a participación en redes de excelencia.

No marco do programa Horizonte 2020 da Comisión Europea, o Servizo Galego de Saúde participa como entidade beneficiaria no proxecto "*Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis*" (DIAMONDS), liderado polo Dr. Federico Martín Torres. O obxectivo xeral do proxecto é desenvolver unha ferramenta innovadora baseada en perfís moleculares de ARN para mellorar o diagnóstico diferencial de infeccións febrís, permitindo así unha medicina personalizada e unha xestión clínica máis eficiente.

Para acadar estes obxectivos, é imprescindible a contratación de persoal investigador con competencias asistenciais, que poida compatibilizar a participación no proxecto co desempeño de funcións clínicas, incluídas gardas hospitalarias.

O convenio regula a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, ACIS e FIDIS, establecendo as obrigas asumidas por cada parte, os mecanismos de financiamento e seguimento, e o marco xurídico aplicable. En concreto, prevé:

- A contratación de ata 3 especialistas en Pediatría con perfil investigador-asistencial para a realización de labores de investigación relacionadas co Proxecto DIAMONDS.
- Unha achega total de 53.269,63 euros anuais, a cargo de FIDIS, por cada especialista en Pediatría con perfil investigador-asistencial (salario bruto máis seguridade social), con posibilidade de axuste se se modifican as táboas salariais.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (09/01/2026 14:12 CET)
<https://sede.xunta.gal/rve?idoce=SAOC-654f8e8c-a0d9-4e8d-aa06-77b6c650c141>

